



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (17/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e corenta e un minutos do día dez de xuño de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 3 de xuño de 2026
- 2.- Aprobación de certificacións de obras
- 3.- Adxudicación de contratos menores
- 4.- Expediente de contratación da obra incluída no POS+ Adicional 2/2025, nomeada "Modificado proxecto mellora da capa de rodadura en vias nas parroquias de Alto Xestoso, Queixeiro, Vilachá e Val Xestoso" (Tedec 2026/C003/000001)
- 5.- Aprobación da liquidación do programa Xantar na Casa correspondente ao primeiro trimestre de 2026
- 6.- Xustificación axudas ao estudo 2026
- 7.- Xustificación de subvención nominativa

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 3 DE XUÑO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 3 de xuño de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obra e documentación anexa, do informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade, dos documentos de endoso, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<i>Denominación do proxecto:</i>	Modificado proxecto Acondicionamento cuberta patio CPI Virxe da Cela, reposición peches perimetrais e pintado de prazas e acceso		
<i>Plan:</i>	POS+ 2025		
<i>Orzamento base de licitación</i>	<i>Base impositiva:</i>	66.828,21	
	<i>Ive:</i>	14.033,92	
	<i>Total orzamento:</i>	80.862,13	
<i>AUTOR DO PROXECTO</i>	<i>NOME E APELIDOS:</i>	ANTONIO LÓPEZ RODRÍGUEZ	
	<i>Titulación:</i>	Arquitecto	
<i>DATA DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO POLO PLENO:</i>		25-04-2025	
<i>DATA DO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:</i>		13-10-2025	
<i>DATA DA SINATURA DO CONTRATO</i>		28-10-2025	
<i>PREZO DE ADXUDICACIÓN:</i>		79.358.20	
<i>Empresa adxudicataria:</i>		CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L	
CERTIFICACIÓN Nº 1	<i>IMPORTE</i>	13.314,71 €	
	<i>IVE</i>	2.796,09 €	
	<i>TOTAL</i>	16.110,80 €	
CERTIFICACIÓN Nº 2	<i>IMPORTE</i>	5.536,45€	
	<i>IVE</i>	1.162,65€	
	<i>TOTAL</i>	6.699,10€	

Logo de ver as certificacións de obra que se detallan na táboa anterior, presentadas pola empresa adxudicataria da obra, documentos de endoso e o resto da documentación do expediente 2025/C003/000004, propoñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar as certificacións primeira e segunda da obra, Modificado proxecto Acondicionamento cuberta patio CPI Virxe da Cela, reposición peches perimetrais e pintado de prazas e acceso, por importes respectivos de 16.110,80€ e 6.669,10€, expedidas por Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, executadas polo contratista, CALICANTO Obras y Proyectos, S.L, así como a súa documentación anexa (relacións valoradas, facturas, declaración responsable de acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución do contrato e foto do cartel das obras).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Tomar razón do endoso comunicado e aboarllas ao endosatrio, BORROX FINANCE S.L., segundo as facturas e os importes que se sinalan:
 - Importe: 16.110,80€. Factura número 2026 007, do 21/04/2026, rexistrada co número de Rexistro de Facturas da Intervención municipal F/2026/772, do 21/04/2026
 - Importe: 6.699,10€: factura número 2026 013, do 18/05/2026, rexistrada co número de Rexistro de Facturas da Intervención municipal F/2026/875, do 20/05/2026.
- Remítalas á Deputación, a través da plataforma electrónica SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e da recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Número expediente:	2026/C002/000011
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	SERVIZO DE SOCORRISMO PISCINA MUNICIPAL segundo memoria técnica que consta no expediente
Orzamento base licitación:	7.433,55€
Prazo execución	3 meses (segundo consta na memoria técnica)
Aplicación orzamentaria	342.2620.22799.
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

satisfacerse (competencia municipal):	ocupación do tempo libre, artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.	
Financiamento:	Xunta de Galicia- Concello	
OFERTAS (solicitadas/Recibidas)		
<u>GALICIA EVENTOS Y OCIO SL</u>	6133,43	7421,45
<u>AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.</u>	Non presentan oferta	
<u>ESPROADE SL</u>		

Logo de ver que se solicitaron tres ofertas, a recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao licitador, GALICIA, EVENTOS Y OCIO, SL, no prezo total de 7.421,45€ o servizo que se especifica, segundo a memoria técnica do expediente e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO POS+ ADICIONAL 2/2025, NOMEADA “MODIFICADO PROXECTO MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN VIAIS NAS PARROQUIAS DE ALTO XESTOSO, QUEIXEIRO, VILACHÁ E VAL XESTOSO” (TEDEC 2026/C003/000001)

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, do proxecto, pregos, informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRAS POS+ Adicional 2a/2025

Núm. 2026/C003/000001

Logo de ver as circulares da Deputación Provincial da Coruña, sobre a aprobación do Plan, acordos anteriores dos órganos de goberno do Concello, informe de fiscalización da fase A de autorización do gasto, demais informes, proxecto técnico, acta de reformulo e restante documentación deste expediente, e, tras considerar, á vista das características do contrato, que o procedemento aberto simplificado, co prezo máis baixo como único criterio de adxudicación, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e non tratarse de ningún dos contratos aos que se refire o art. 145.3. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP);

Propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aceptar expresamente a delegación efectuada pola Deputación Provincial da Coruña para a contratación e execución destas obras.
2. Xustificar a necesidade de realizar a obra definida no proxecto nomeado, **MODIFICADO PROXECTO MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN VIAIS NAS PARROQUIAS DE ALTO XESTOSO, QUEIXEIRO, VILACHÁ E VAL XESTOSO**, cun orzamento de 344.565,87 €, aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión realizada o 17/10/2025, para dotar á veciñanza e demais usuarios das melloras que se describen detalladamente no devandito proxecto técnico, motivándoa polo mal estado no que se atopan as vías públicas afectadas, que precisan das ditas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

obras para que se poida continuar destinándoas ao servizo público, resultando idóneo o obxecto e contido do proxecto para satisfacela.

3. Non aplicar a división en lotes polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:

- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.

4. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento aberto simplificado, que serán os aprobados para a contratación das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, mediante acordo plenario da Deputación Provincial da Coruña do 26 de febreiro de 2021 e publicados no BOP número 46, do 10 de marzo de 2021.

5. Aprobar o expediente de contratación da devandita obra.

6. Proceder a súa contratación, utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.

7. Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

8. Aprobar o gasto correspondente, autorizándoo con cargo a aplicación orzamentaria 453.2644.61100.

9. Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación da Xunta de goberno local do Concello de Monfero (*BOP núm.147* do 03/08/2023).

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre o requirimento recibido coa liquidación do servizo do período indicado, sobre a documentación que o acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello, sobre o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica máis adiante neste acordo:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Logo de examinar a liquidación da achega económica municipal do servizo Xantar na Casa, correspondente ao primeiro trimestre de 2026, e os xustificantes dos gastos e demais documentación xustificativa presentada pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, así como o informe da Traballadora Social do Concello, Patricia Martínez Lago, sen obxeccións sobre o servizo prestado, e o da Intervención municipal, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TEDEC, e considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que están realizadas e en beneficio da veciñanza e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á liquidación do servizo Xantar na Casa, núm. 281, de data de 29 de maio de 2026, por importe de 2.833,35€, correspondente a 1.458 xantares subministrados a persoas usuarias do servizo deste Concello do primeiro trimestre de 2026, e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao dito gasto e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria 2026.231.45000

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- XUSTIFICACIÓN AXUDAS AO ESTUDO 2026

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente, xustificacións presentadas polas persoas beneficiarias, informes que contén e da proposta de acordo da Alcaldía que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e que se transcribe textualmente a continuación, indicando o Sr. Alcalde que acaba de vir aprobado o POS+ Ad 1/2026 para Gastos Sociais Extraordinarios, polo que a xustificación abarca o importe total das axudas concedidas:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver o informe elaborado pola Traballadora Social do Concello, D.^a Patricia Martínez Lago, como órgano instrutor do procedemento, do día 4 de xuño de 2026, baseado na documentación presentada polas persoas beneficiarias, ou representantes, en relación coa xustificación das Axudas ao Estudo 2026, concedidas definitivamente por acordo desta Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2026, e o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade, en harmonía co devandito informe, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a documentación xustificativa presentada polas persoas beneficiarias na forma e no prazo establecidos nas bases reguladoras da convocatoria das Axudas ao Estudo 2026, polos importes que se indican, e en consecuencia, que pola Tesourería municipal se proceda ao pagamento delas, cun importe global de 12.000,00€.

	EXPEDIENTE TEDEC	INICIAIS APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL	XUSTIFICA EN PRAZO
				(10.000€ + 2.000€)	
1	2025/S001/000160	A.C.,C.	**0582***	144,90	SI
2	2025/S001/000161	A.C.,P.	**1478***	210,76	SI
3	2025/A011/000003	B.L.,B.	**9629***	223,93	SI
4	2025/S001/000162	B.L.,X.	**6024***	210,76	SI
5	2025/S001/000163	M.V.,X.	**4704***	197,58	SI
6	2025/S001/000164	S.G.,A.	**9151***	79,03	SI
7	2025/S001/000165	D.G.,M.	**6035***	79,03	SI
8	2025/S001/000166	T.E.,M.	**9177***	355,66	SI
9	2025/S001/000167	T.E.,M.	**7049***	355,66	SI

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	EXPEDIENTE TEDEC	INICIAIS APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL	XUSTIFICA EN PRAZO
				(10.000€ + 2.000€)	
10	2025/S001/000168	T.E.,M.	**9412***	355,66	SI
11	2025/S001/000169	M.T.,F.	**9650***	144,90	SI
12	2025/S001/000170	M.T.,A.	*****	144,90	SI
13	2025/S001/000171	M.G.,R.	**9262***	342,48	SI
14	2025/S001/000172	M.G.,S.	**6399***	395,14	SI
15	2025/S001/000173	M.G.,I.	**6399***	355,66	SI
16	2025/S001/000174	M.G.,S.	**6636***	382,00	SI
17	2025/S001/000175	A.M.,A.	**4883***	223,93	SI
18	2025/S001/000176	G.P.,I.	**4890***	184,42	SI
19	2025/S001/000177	G.P.,C.	**4890***	184,42	SI
20	2025/S001/000178	E.P.,E.S	**7725***	210,76	SI
21	2025/S001/000180	G.E.,R.	**0596***	197,58	SI
22	2025/A012/000002	B.A.,I.	**9277***	118,55	SI
23	2025/S001/000183	B.A.,P.	**9655***	118,55	SI
24	2025/S001/000184	C.P.,B.	**9635***	197,58	SI
25	2025/S007/000001	A.C.,Y.	**4899***	92,21	SI
26	2025/S001/000185	T.M.,X.	**9261***	158,06	SI
27	2025/S001/000186	T.M.,U.	**9168***	158,06	SI
28	2025/S001/000187	P.C.,S.	**7428***	171,24	SI
29	2025/S001/000188	V.A.,A.	**7051***	158,06	SI
30	2025/S001/000189	V.A.,A.	**9178***	144,90	SI
31	2025/S001/000190	P.S.,M.	*****	171,24	SI
32	2025/S001/000191	P.S.,S.	*****	171,24	SI
33	2025/S001/000192	B.V.,M.	**4887***	355,66	SI
34	2025/S001/000193	B.V.,U.	**4887***	342,48	SI
35	2025/S001/000194	P.G.,P.	**9170***	171,24	SI
36	2025/S001/000195	S.J.,S.	**0572***	289,79	SI

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	EXPEDIENTE TEDEC	INICIAIS APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL	XUSTIFICA EN PRAZO
				(10.000€ + 2.000€)	
37	2025/S001/000196	G.R.,S.	**7396***	184,42	SI
38	2025/S001/000197	A.M.,A.C	**1520***	289,79	SI
39	2025/S001/000198	A.M.,Y.L	**1513***	289,79	SI
40	2025/S001/000199	S.A.,L.	**9644***	144,90	SI
41	2025/S001/000200	S.A.,I.	**9268***	158,06	SI
42	2025/S001/000201	G.B.,A.	**9610***	329,30	SI
43	2025/S001/000202	N.B.,Y.	**9610***	342,48	SI
44	2025/S001/000203	V.D.,S.	*****	237,11	SI
45	2025/S001/000204	V.D.,C.	**9278***	237,11	SI
46	2025/S001/000205	C.S.,C.	**7386***	131,72	SI
47	2025/S001/000206	G.V.,N.	**9155***	131,72	SI
48	2025/A012/000003	G.S.,V.	**9257***	105,38	SI
49	2025/S001/000207	V.V.,M.	**9617***	316,14	SI
50	2025/S001/000208	V.V.,I.M	**9617***	316,14	SI
51	2025/S001/000209	V.V.,S.	**9638***	302,96	SI
52	2025/S001/000210	P.P.,I.	**6029***	342,48	SI
53	2025/S001/000211	P.P.,R.	**6029***	342,48	SI
TOTAL				12.000,00 €	

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica máis adiante:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento do ano 2025, prorrogado para o 2026 e incorporados os créditos correspondentes a esta subvención, para o financiamento dos gastos que tamén se indican a continuación, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILACHÁ	DVM	Gastos reparación, conservación e funcionamento do local social, contorna e instalacións e realización de actividades 2025	1.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e cincuenta e nove minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario